

Lingua 5º / Unidade 6 / Describe roupa

Actividade 1

Enunciado: Completa o texto.

Sobre unha palabra _____ vanse formando outras _____ a medida que se lle engaden unhas partículas antes, os _____ ou despois, os _____. Todas estas palabras xuntas forman o que se chama _____ ou familia de _____.

Solución

Sobre unha palabra **primitiva** vanse formando outras **derivadas** a medida que se lle engaden unhas partículas antes, os **prefixos** ou despois, os sufixos. Todas estas palabras xuntas forman o que se chama **familia léxica** ou familia de **familia de palabras**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Completa correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Completa o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non completa correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Identifica e crea familias léxicas.

Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 2

Enunciado: Agrupa as palabras segundo a súa familia léxica.

loucura longal aluar louquear longueirón alocado lunar lunático longura
enlouquecer alongar luar

Solución

Loucura, louquear, alocado, enlouquecer.

Longal, longueirón, longura, alongar.

Aluar, lunar, lunático, luar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Identifica e crea familias léxicas.


Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 3

Enunciado: **3.** Describe o xersei.



Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1 Describe roupa e complementos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas

Actividade 4

Enunciado: 4. Subliña os artigos e rodea os demostrativos do texto.

Aquela tarde, cando o investigador chegou a aquela parte do edificio descubriu que, de entre unhas caixas que había no medio do cuarto, sobresaía un sobre de cores, como eses das felicitacións . Sacou os guantes do peto e, con coidado de non danar as evidencias, colleu esta proba. Tiña escrito un enderezo e uns números de teléfono. Tamén tiña un debuxo, era o debuxo dun home pero moi sinxelo, como eses que fan os nenos pequenos.

Solución

Aquela tarde, cando **o** investigador chegou a aquela parte **do** edificio descubriu que, de entre **unhas** caixas que había **no** medio **do** cuarto, sobresaía **un** sobre de cores, como **eses das** felicitacións . Sacou **os** guantes do peto e, con coidado de non danar **as** evidencias, colleu esta proba. Tiña escrito **un** enderezo e **uns** números de teléfono. Tamén tiña **un** debuxo, era **o** debuxo **dun** home pero moi sinxelo, como **eses** que fan **os** nenos pequenos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata seis erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1 Identifica e analiza artigos e demostrativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 5

Enunciado: Completa a táboa coas contraccións.

	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
a								
de								
con								
por								

Solución

	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
a	ao / ó	á	aos / ós	ás				
de	Do	Da	Dos	Das	Dun	Dunha	Duns	Dunhas
con	Co	Coa	cos	Coas	Cun	Cunha	Cuns	cunhas
por	Polo	Pola	Polos					

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica e clasifica o que se solicita sen cometer ningún erro.	Identifica e clasifica o que se solicita e comete ata tres erros.	Identifica o que se solicita e comete ata catro erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1 Identifica e analiza artigos e demostrativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 6

Enunciado: Subliña as palabras con hiato e ponlles o acento gráfico ás que o precisen.

falcatrua	tesouro	caído	paraíso	altibaixo
aerosol	anteollos	neboa	saudó	enxóito
viuva	espeleólogo	faraon	alegría	caótico

Solución

<u>falcatrúa</u>	tesouro	<u>caído</u>	<u>paraíso</u>	altibaixo
<u>aerosol</u>	<u>anteollos</u>	<u>neboa</u>	<u>saúdo</u>	enxóito
<u>viúva</u>	<u>espeleólogo</u>	<u>faraón</u>	<u>alegría</u>	<u>caótico</u>

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica o que se solicita sen cometer ningún erro.	Identifica o que se solicita e comete ata tres erros.	Identifica o que se solicita e comete ata seis erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1 Identifica hiatos e coñece e aplica as súas regras de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia dixital.

Actividade 7

Enunciado: Explica como poden ser os personaxes dun texto.

Solución

Principais, os protagonistas da historia e secundarios, os demais personaxes.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1 Identifica o narrado, o tempo e os personaxes dunha narración.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 8

Enunciado: Escolle un dos obxectos e escribe a súa definición.



Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Describe roupa e complementos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 9

Enunciado: Le o seguinte texto e contesta as preguntas.

Cada mañá María agarda polo coche de liña, estes días está a tardar máis que un día normal por mor da néboa. Na parada, a miúdo, están eses rapaces da casa do lado e unhas nenas pequenas coas súas avoas a esperar polo autobús da escola. **Ao velos pensa naqueles tempos nos que era ela a que agardaba alí para ir á clase nese autobús.**

No autobús gústalle ir sentada no medio porque eses son os asentos máis tranquilos, pois diante sentan as veciñas da aldea que van mercar á vila e atrás os rapaces do instituto.

• En que tempo e persoa está o texto? _____

• Segundo a clasificación dos personaxes, como se clasifica a María?, por que?

Solución

Tempo presente, persoa 3.^a. principal. É o protagonista da historia.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1 Identifica o narrado, o tempo e os personaxes dunha narración.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 10

10. Completa.

As Irmandades da Fala foron un movemento _____, _____ e literario que comezou no ano _____ e rematou no ano _____. Querían dignificar _____ logrando a _____. Neste grupo de persoas destacan: _____

Solución

As Irmandades da Fala foron un movemento **social, cultural** e literario que comezou no ano **1917** e rematou no ano **1936**. Querían dignificar **a nosa fala** logrando a **cooficialidade lingüística do galego e o castelán**. Neste grupo de persoas destacan: **Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Xosé Lesta Meis...**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe e identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Coñece a labor das Irmandades da Fala.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.